

ALUMNADO OBSERVADOR DE CONVIVENCIA (NA AULA)

Segundo todo o que fostes enviando aos foros acerca deste tema fixen unha recompilación de cales deben ser as calidades e as funcións do alumnado observador de convivencia.

CALIDADES D@S OBSERVADOR@S:

Buscamos a alguén que sexa capaz de:

- ✓ Ser respectado polo grupo clase e saber respectar, tanto os feitos coma as opinións d@s demais.
- ✓ Saber escoitar con paciencia (sen xulgar nin comentar feitos ou opinións) e falar sen interromper.
- ✓ Ter temperamento tranquilo e boa comunicación cos demais, expresando opinións propias e razoadas.
- ✓ Estar pendente e ser cooperativo cos/coas demais: axuda cando se lle pide, axuda aos que se senten mal, está dispost@ a axudar ás persoas con problemas,...
- ✓ Ten capacidade de intervir ante un conflito: defendendo aos/ás que son “atacad@s”, axudando a que compañeir@s en conflito amañen as súas diferenzas, separar a quenes pelexan,...
- ✓ Saber distinguir cando é necesario a axuda dos adultos.
- ✓ Ser discret@, sensat@ e capaz dfe empatizar cos demais.

Non queremos a alguén que:

- ✓ Sexa chivat@ ou confidente.
- ✓ Provoque aos demais.
- ✓ Se burle d@s compañeir@s.
- ✓ Rise d@s demais .
- ✓ Acuse a compañeir@s sen xustificación ou en asuntos sen importancia.
- ✓ Usa ou pon motes aos demais.
- ✓ Envía mensaxes insultantes.
- ✓ Non recoñece erros nin pide desculpas.

En resumo: **buscamos a un/unha bo/boa compañeir@**

FUNCIÓNS DO ALUMNADO OBSERVADOR

- ✓ Transmitir confianza.
Tranquilizar, calmar.
- ✓ Escoitar activamente.
- ✓ Preguntar para informarse.
- ✓ Apoiar emocionalmente a quen o necesite.
- ✓ Integrar: tanto ao alumnado novo como ao que se sente desprazado dentro do grupo.
- ✓ Solicitar axuda aos adultos en caso de que sexa necesario e ante graves conflitos de convivencia.

- ✓ Aprender estratexias para levar a cabo as súas tarefas (compromiso de formación)

Todo isto é o que nós entendemos que deberan ser tanto as cualidades como as funcións d@s observador@s de convivencia.

Seguindo a idea de Nieves e apoiada por Ana, sería interesante que eles chegaran ás mesmas conclusións ás que chegamos nós, pero ... como?

O que vos propoño é a realización dunha enquisa, que pode ser a que vos xunto neste tema do curso ou calquera outra que se vos ocorra, preguntando ao final da mesma quen podería ser, dentro desa aula, un/unha bo/boa observador/a.

COMO DESENVOLVER TODO ISTO?

1. A través dunha presentación na que non se dean demasiadas pistas explicar que queremos conseguir: nomear observador@s de convivencia en cada aula para evitar problemas desta índole e de entre el@s (ou de entre outr@s voluntari@s) ir seleccionando candidat@os para formar un grupo de mediación escolar.
2. Pasar a enquisa para extraer conclusións en referencia ao que el@s cren debera ser un/unha observador/a de convivencia.
3. Elaborar con esas conclusións e as nosas unha presentación na que xa se poña de manifesto o perfil e as funcións do alumnado observador.
4. Elixir observador@s de convivencia en cada aula a través dunha votación entre os candidatos que el@s foron determinando nas enquisas e, se é o caso, algún/algunha voluntari@.